



CORRECCIÓN DE ERROS

RESOLUCIÓN REITORAL DO 29 DE XUÑO DE 2016, POLA QUE SE CORRIXE UN ERRO ADVERTIDO NO ANEXO I DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 27 DE XUÑO DE 2016, POLA QUE SE CONVOCA UN CONCURSO POLO PROCEDIMENTO DE URXENCIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE PERSOAL DOCENTE.

Advertido un erro no anexo I da resolución reitoral do 27 de xuño de 2016, pola que se convoca un concurso polo procedemento de urxencia para a contratación laboral de persoal docente, esta Reitoría ao amparo do previsto no art. 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procede á súa rectificación nos seguintes termos:

Primeiro:

No Anexo I para a praza 16/1004:

- Onde di:

TITULACIÓN ESIXIDA:

“Enxeñeiro/a Industrial ou Graduado/a equivalente”

- Debe dicir:

TITULACIÓN ESIXIDA:

“Enxeñeiro/a Industrial ou Graduado/a equivalente (no caso de Graduado/a equivalente deberá contar co mestrado habilitante para a profesión de Enxeñeiro/a Industrial)”

Segundo:

Para os aspirantes á praza 16/1004, ampliase o prazo de presentación de solicitudes ata o 6 de xullo de 2016

A Coruña, 29 de xuño de 2016

O reitor,



Julio Ernesto Abalde Alonso